| | |
|---|---|
| **Comunidade Autónoma / Departamento / Estado** | GALICIA |
| **Municipio** | DUMBRÍA |
| **Edificio** | Igrexa de San Pedro de Buxantes |
| **Dirección** | Lugaar de Buxantes, s/n. 15151 |
| | 42.973826 -9.117927 |
| **Protección** | |
| **Descricion** | É unha das máis fermosas construcións de toda a comarca pola súa calidade artística. Posúe unha planta de cruz latina con dúas capelas que conforman unha estructura que ten función de ser o brazo do cruceiro. A capela do Rosario no lado do evanxeo é de estilo renacentista, e a capela da Asunción, no lado da epístola, pertence ó estilo barroco. Á nave ábrese unha capela no muro norte con dobre acceso, dende o interior da nave e dende o brazo do cruceiro. No muro sur ábrese outra capela que está adicada a San Miguel, así como o baptisterio, engadidos no século XVIII. Posúe un coro alto ós pés da nave.<br>A sancristía está pegada ó muro sur da igrexa. A capela maior cóbrese con bóveda de canón realizada con aparello de cantería e está reforzada no centro cun arco faixón. O cruceiro está formado por dous arcos torais e dous formeiros e cóbrese cunha bóveda de aresta de cantería. Ó exterior destaca o ciborio de planta cadrada e cun tellado a catro augas. A nave cóbrese actualmente cunha teitume de cemento que imita á antiga feita en madeira. Ós pés da nave levántase un magnífico coro pétreo sobre unha bóveda de canón rebaixada. |
| **Campás** | 2 campás. |
| **Fotos** | 2 |
| **Toques actuais de campás** | |
| **Conservación, mantemento** | |
| **Propostas** | |
| **Autors da documentación** | TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK) |
| **Data** | 27-08-2023 |

## Campás desaparecidas

| Localización | Campá | Fundidor | Ano de fundición | Diámetro (en cm) | Peso |
|---|---|---|---|---|---|
| Torre-campanario | Menor. | LISTE VILLANUEVA, JOSÉ (PARROQUIA DE ORAZO) | 1893 | 85 | 356 |

## Campás actuais

| Localización | Campá | Fundidor | Ano de fundición | Diámetro (en cm) | Peso |
|---|---|---|---|---|---|
| Torre-campanario | Menor. | OCAMPO (ARCOS DA CONDESA) | 2019 | 84 | 343 |
| Torre-campanario | Maior. | OCAMPO (ARCOS DA CONDESA) | 1924 | 90 | 422 |

Información completa: Igrexa de San Pedro de Buxantes - DUMBRÍA (GALICIA)

PDF (10-06-2026)